



# NOVA CONVOCATORIA DE FUNCIONARIZACIÓN DE DIVERSAS CATEGORÍAS DOS GRUPOS IV E V

No DOG número 24 do 21/05/2021 publícanse dúas novas convocatorias de funcionarización do persoal laboral fixo de diversas categorías de persoal laboral, dos grupos IV e V, que irán aos grupos C2 e Agrupación Profesional. Outra vez a casa polo tellado.

Estes procesos de funcionarización foron aprobados na Comisión de Persoal do 12 de maio co voto a favor de CCOO e UGT, e o voto en contra de CIG e CSIF.

Resolución do 12 de maio de 2021 pola que se convoca o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo auxiliar da Administración xeral e do corpo de auxiliares de carácter técnico da Administración especial, subgrupo C2, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes aos grupos IV e V do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico.

Resolución do 12 de maio de 2021 pola que se convoca o proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira da agrupación profesional de persoal funcionario, do persoal laboral fixo de varias categorías pertencentes ao grupo V, do V convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico.

## As categorías para as que sae esta convocatoria, son:

### Categorías do grupo IV que pasan a C2:

- 001-Auxiliar de gravación. Oficial linitopista.
- 017-Almaceneiro/a
- 030-Auxiliar de formación ocupacional
- 032-Operador/a codificador/a de datos do SDCIF
- 003-Auxiliar sanitario. Aux. clínica.
- 005-Oficial/a 2º cociña
- 006-Axudante/a servizos técnicos
- 018-Oficial/a de segunda
- 009-Oficial/a 2ª agrario/a
- 042-Oficial/a establecemento

011-Auxiliar de laboratorio

016-Condutor/a

035-Auxiliar de arquivos e bibliotecas

036-Auxiliar de museos

### Categoría do grupo V que pasa a C2

009-Celador/a de 2ª. Vixilante de recursos naturais

### Categorías do grupo V que pasan a AP

001-Camareiro/a-limpador/a

011-Limpador/a

002-Axudante/a traballos ou oficios

012-Peón/oa. Laborante

003-Ordenanza. Celador/a

010E-Vixilante de arquivos, bibliotecas e museos

008-Peón/oa agrario/a

010F-Peón/oa forestal

### Procedemento a seguir:

- O persoal laboral fixo que deseche participar neste proceso debe facelo constar cubrindo o modelo de solicitude.
- O modelo de solicitude estará a disposición dos/as interesados/as no portal corporativo [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal). Para cubrir o formulario deberá dispoñerse dun certificado dixital , DNI electrónico ou Chave 365.
- Só poderán anotarse de xeito telemático.
- O prazo para anotarse é de 20 días hábiles (dende 22 maio ata o 18 de xuño inclusive).

